



EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

**DONA PILAR FERNÁNDEZ ALONSO, SECRETARIA DO EXCMO. CONCELLO DE TUI,**

**CERTIFICA:** Que a Xunta de Goberno Local en sesión realizada o **11 de febreiro de 2022**, e no punto 5º da Orde do Día, adoptou o seguinte acordo:

**5º.- Expediente 198/2022. Bases Reguladoras do Concurso de cartel anunciador das Festas de San Telmo 2022**

Vista a proposta da concelleira delegada de cultura de data 08/02/2022, na que se recolle:

“VISTO: Que entre as funcións asignadas a Concellería de Cultura está a coordinación do programa das festas patronais de San Telmo 20202.

VISTO que para a promoción destes festexos resulta necesario a elección dun cartel / imaxe que actúe como elemento anunciador e promocional e que para esta escolla resulta mais oportuno a apertura dun concurso que, en concorrencia competitiva, facilite a participación dos interesados

VISTO que para levar a cabo esta elección se redactaron por parte do Departamento de Cultura, segundo o informe do técnico medio de arquivo, biblioteca e museo que obra no expediente, as bases de participación no devandito concurso para a elección do cartel anunciador das festas de San Telmo 2022 coa concesión dun único premio por un importe de 700,00 €.

VISTO este informe favorable do funcionario técnico de arquivo, biblioteca e museo que consta no expediente

VISTO que ao abeiro do establecido nos artigos 10 e 11 do Regulamento da actividade de fomento do Concello de Tui, Bases Xerais tipo de subvencións, Bases de execución do orzamento en vigor (nº 19 a nº 55), e constando crédito na aplicación orzamentaria 2022/1/334/4810001 por importe de 700,00 €, certificado mediante retención de crédito que figura no expediente

VISTO que ao abeiro do establecido nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, publicárase o extracto da convocatoria no BOPPO, cuxo texto completo poderá consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Ademais, o texto íntegro das presentes bases estará dispoñible no Taboleiro de Anuncios do Concello, así como na súa páxina web ([www.tui.gal](http://www.tui.gal)).

.../...”



Á vista dos antecedentes e vistos os informes da intervención municipal de datas 07/02/2022 e 08/02/2022, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (5 votos a favor), adopta o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobado as seguintes bases de participación que rexerán o Concurso para a elección do cartel anunciador das festas de San Telmo 2022, así como a correspondente convocatoria:

## **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CARTEL ANUNCIADOR DAS FESTAS DE SAN TELMO 2022**

**Expediente 198/2022**

### **1.- Obxecto**

As presentes bases teñen por obxecto a regulación a participación e concesión de premios que se concederan ao gañador ou gañadores deste Concurso para a elección do “Cartel anunciador das festas de San Telmo 2022” declaradas de interese turístico galego por Resolución do 24 de marzo de 2003, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 20 de marzo de 2003 polo que se declara festa de Galicia de interese turístico na provincia de Pontevedra as festas patronais de San Telmo de Tui (DOG de 16 de abril de 2003).

### **2.-Aplicación orzamentaria**

Os gastos inherentes ao presente certame por un total de 700,00 euros se imputarán á aplicación orzamentaria 2022/1/334/4810001.

### **3. Concorrenza competitiva**

Os premios inherentes a este certame se concederán en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.

### **4.- Participantes.**

Poderán tomar parte no concurso, artistas plásticos, creadores ou interesados, de nacionalidade española ou estranxeira, sendo condición indispensable que as obras sexan orixinais. Así mesmo poderán participar os menores de 18 anos pero se requirirá autorización outorgada polo pai, nai ou titor legal.

En todo caso as persoas participantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvención.
- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e co Concello de Tui.
- Estar ao corrente, se fora o caso, das súas obrigas coa Seguridade Social.

### **5.- Número de obras.**

O número de carteis a presentar por cada autor non excederá de tres.

### **6.- Contido.**

A) Nos carteis deberá figurar o seguinte texto: "FESTAS DE SAN TELMO. TUI, DE





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

16 a 25 DE ABRIL 2022”. Festas declaradas de interese turístico galego”; debendo aparecer de forma destacada e con caracteres tipográficos que resalten. Non necesariamente o texto deberá figurar neste mesmo orde. A disposición do mesmo é libre.

B) Figurará o escudo oficial da cidade de Tui, xunto ao nome da entidade, Excmo. Concello de Tui; todo gardará a necesaria proporción. Poderá descargarse na web municipal: <http://tui.gal/gl/municipio/bandeira-e-escudo>

C) Se valorará que o cartel identifique na súa expresión gráfica á cidade e as festa de San Telmo. Os traballos presentados deberán reflectir inescusablemente os valores que se expresan para as Festas de San Telmo, centrados principalmente na devoción a Santa Telmo, a participación popular, a tradición secular, a accesibilidade universal á festa e á cultura, a igualdade e a proxección exterior da cidade. Estes obxectivos plasmaranse na composición dos traballos, reflectindo un espírito festivo con marcada orientación publicitaria e artística e de promoción, tanto das festas anunciadas como da propia cidade de Tui.

As obras presentadas serán orixinais e inéditas e os concursantes se responsabilizan totalmente de que non existen dereitos de terceiros nas obras presentadas así como renuncia a toda reclamación por dereitos de imaxe.

### **7.- Técnica e presentación.**

A técnica e as cores a empregar serán libres. A execución dos carteis poderá ser realizada por calquera procedemento, sendo facultade discrecional do concursante o emprego das cores que estime convenientes, tendo en conta que a reprodución do cartel gañador realizarase en cuatricromía, polo que se exclúen as tintas de cor ouro, prata e fosforescentes.

A presentación deberá realizarse sobre un bastidor ríxido, cartón pluma, de 5 a 10 mm. de grosor, montado “a sangue” sen molduras ou cristal de ningún tipo e en posición vertical. Será embalado con material opaco.

Deberá achegarse tamén o soporte informático do cartel mediante un CD ou memoria externa en sobre pechado que conterá unha ficha técnica dos procedementos empregados para a elaboración do traballo, os arquivos das fontes que foran empregados e os arquivos de traballo orixinais dixitalizados en formato “jpg”, “gif” ou “png”.

### **8.- Tamaño.**

O tamaño exterior de los carteis será de 50 x 70 cm. O cumprimento desta base, terá carácter rigoroso e excluínste.

### **9.- Prazo de presentación de solicitudes e documentación.**

O prazo de presentación de obras finalizará o día 18 de marzo de 2022 ás catorce horas.

### **10.- Lugar de entrega.**



A entrega ou remisión dos cadros efectuarase no Rexistro da Casa do Concello de Tui (Praza do Concello, 1 – 36700 Tui) ou na Biblioteca Pública Municipal (Rúa Colón, 2 – 36700 Tui). Considerarase como data de presentación para as enviadas por correo ou empresa de transporte, a do cuño ou do albarán de envío.

### **11.- Identificación.**

Nas obras non aparecerá nin o nome, nin a firma do autor, debendo consignarse, ao dorso, o título ou lema da obra.

Ese mesmo título ou lema figurará nun sobre pechado no que se incluírá, unha vez cumprimentado, a ficha de inscrición adxunta a estas bases así como o sobre co soporte informático da obra.

### **12.- Exposición.**

Cos carteis presentados ao concurso e que cumbran as Bases, o Concello reservarase a posibilidade de efectuar as exposicións públicas que estime convenientes. Os carteis que incumpran algunha Base non se exporán. Os participantes que desexen manter o anonimato na indicada exposición deberán manifestado expresamente na súa ficha de inscrición no concurso.

### **13.- Premio.**

Establécese un PREMIO UNICO dotado con 700 Euros e diploma. A esta cantidade aplicaráselle a retención que proceda en concepto de IRPF. Mediante o pago do premio, o Concello de Tui adquire o cartel gañador e o autor ou autores premiados outorgan ao Concello de Tui a propiedade en exclusiva de todos os dereitos económicos de propiedade intelectual inherentes á obra premiada, e poderá libremente proceder a calquera forma de explotación do cartel tales como a reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible, ou intanxible, comprendendo, todas e cada unha das modalidades de explotación, incluíndose os dereitos de reprodución en calquera soporte ou formato, así como os dereitos de distribución e comunicación pública da obra, para a súa explotación comercial en todo o mundo. Queda expresamente incluída a emisión e transmisión on-line das obras e a súa posta a disposición a través das redes dixitais interactivas, tipo Internet. Igualmente o Concello poderá explotar o cartel reproducido sobre calquera soporte de merchandising, ben directamente ou ben autorizando a un terceiro a explotación.

Igualmente o Concello de Tui queda facultado para introducir aquelas modificacións que resulten precisas no cartel que resulte gañador para a súa edición e impresión.

O Concello de Tui mencionará sempre ao autor, ou autores, do cartel gañador salvo que se solicite expresamente permanecer no anonimato.

O gañador queda obrigado a aportar unha certificación da conta bancaria onde se efectuará o ingreso do premio e a asistir ao acto de entrega do premio se así lle fora requirido polo Concello de Tui.

### **14.- Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento:**

O órgano competente para a ordenación e instrución será a Concellería de Cultura, a través do Arquivo Municipal, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

dos que debe formularse a proposta de acordo.

### 15.- Xurado

Corresponderá ao Xurado do premio, emitir o informe ao que se refire o artigo 24.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro. O Xurado será designado polo Alcalde do Concello de Tui, a proposta da Concellería de Cultura, quen, no seu día, fará pública a composición do mesmo. O Xurado poderá declarar deserto este Concurso. Previamente, por persoal do concello, se revisará o cumprimento das bases rexeitando todos aqueles carteis que non cumpran coas mesmas.

coas condicións establecidas nas presentes bases. O rexeitamento motivado será comunicado aos seus autores mediante correo electrónico.

O xurado terá en conta unha serie de ítems á hora de valorar cada creación, cunha puntuación ata 50 puntos:

- Calidade conceptual e técnica (ata 10 puntos)
- Carácter orixinal e innovador do deseño (ata 15 puntos)
- Capacidade para transmitir o significado das Festas de San Telmo e os valores sinalados na base cuarta (ata 20 puntos):

- \* que o cartel identifique na súa expresión gráfica á cidade e as festa de San Telmo.

- \* reflectir inexcusablemente os valores que se expresan para as Festas de San Telmo, centrados principalmente na devoción a Santa Telmo, a participación popular, a tradición secular, a accesibilidade universal á festa e á cultura, a igualdade e a proxección exterior da cidade.

- \* Unha composición que recolla o espírito festivo con marcada orientación publicitaria e artística e de promoción, tanto das festas anunciadas como da propia cidade de Tui.

- Facilitade de aplicación aos distintos soportes publicitarios e promocionais das Festas de San Telmo (ata 5 puntos)

O Xurado estará composto por persoal corporativo, técnicos expertos e/ou afeccionados de prestixio na materia, ou por profesionais en temas relacionados coa cultura, comunicación, arte, deseño, fotografía, etc.. A presidencia honorífica de Xurado ostentaráa o Alcalde da Corporación ou persoa en quen delegue. No Xurado haberá un Secretario, con voz pero sen voto, e polo menos, un número de vogais non inferior a tres. O fallo do Xurado deberá considerarse inapelable e se comunicará segundo o disposto nestes Bases (artigo 17). Os membros do xurado non poderán ser familiares dos concursantes nin estar comprendidos en causa de recusación dos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Xurado será competente para avaliar as solicitudes presentadas conforme aos criterios anteriores e emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. O Xurado, á vista das avaliacións realizadas, emitirá o correspondente fallo que elevará ao órgano municipal competente, previa fiscalización, para a súa aprobación definitiva. Este acordo poñerá fin á vía administrativa.



Cod. Validación: 4RLYHY9PMXPAXKQXHHY3TS6X69 | Corrección: <https://concellotui.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 8

### **16.- Pazo máximo para resolver e notificar**

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo non poderá exceder de 30 días hábiles, contados desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

### **17.- Publicación de premiados.**

O fallo do concurso farase público de acordo co artigo 40 e 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). Dado que se trata de actos integrantes dun procedemento de concorrência competitiva, a práctica da notificación efectuarase, de conformidade co disposto no apartado b) do artigo 45 LPACAP mediante o seu anuncio no Taboleiro de edictos e páxina web municipal.

### **18.- Devolución.**

Os carteis enviados por Axencia de Transportes, por correo ou os entregados persoalmente NON serán devoltos por parte do Concello; o autor dispón dun prazo que remata o 15 de maio de 2022 para recuperar o cartel presentado, dando el mesmo a orde de recollida á Axencia de transporte, con portes debidos, ou retirándoo persoalmente por medio do correspondente recibo. O lugar de recollida será a Biblioteca Pública Municipal (rúa Colón, 2 – 36700 Tui).

Transcorrido este prazo os carteis que non foran recollidos se entenderá que os seus autores renuncian á propiedade da obra a favor do Concello de Tui.

### **19.-Modificación de la resolución**

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión do premio dará lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co establecido no artigo 19.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

### **20.- Compatibilidade con outras axudas:**

O presente premio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos internacionais.

### **21.- Protección de datos.**

En cumprimento do establecido na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, infórmase que os datos persoais facilitados na convocatoria, poderán ser incorporados aos ficheiros que conforman as bases de datos do Concello de Tui, ante o que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose ao Rexistro Xeral do Concello (Praza do Concello, 1 - C.P. 36700) ou en calquera dos previstos no artigo 16 LPACAP.

### **22.- Aceptación.**

A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións de Xurado. A organización resérvase o dereito a introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

### **23.- Norma final:**

En todo o non previsto polas presentes Bases reguladoras serán de aplicación as seguintes normas, agás naquilo que, por tratarse dun premio con contraprestación para





EXCMO. CONCELLO  
DE  
TUI

o Concello, non resulte de aplicación:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeneral de Subvencións.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

En todos aqueles aspectos que non se encontren expresamente contemplados nas presentes bases ou na normativa de aplicación supletoria o xurado queda facultado para a súa resolución, así como respecto de todas as cuestións que poidan suscitarse no desenvolvemento do concurso.

### 25. Entrada en vigor:

Estas Bases entrarán en vigor ao día seguinte da publicación dun extracto das mesmas no BOPPO (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra), unha vez rexistradas na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) estarán a disposición dos interesados, xunto a ficha de inscrición, na BDNS, na páxina web: [www.tui.gal](http://www.tui.gal) e no taboleiro de información do Concello de Tui.

## CONCURSO DE CARTEL DAS FESTAS DE SAN TELMO 2022

### FICHA DE INSCRICIÓN E DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup>. \_\_\_\_\_ con  
D.N.I. n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ e con domicilio en  
\_\_\_\_\_ con  
teléfono de contacto : \_\_\_\_\_ e enderezo  
electrónico: \_\_\_\_\_

En nome propio baixo a súa persoal responsabilidade

### DECLARA

**Primeiro.:** Que coñece as bases do “Concurso para a elección do cartel das Festas de San Telmo 2022” e fai constar a súa conformidade e aceptación das expresadas bases a cuxo efecto manifesta:

**Segundo:** Que o traballo co lema: \_\_\_\_\_ que  
acompaña a esta ficha de inscrición é orixinal e inédito, non tendo sido premiado e ningún  
outro concurso.

**Terceiro:** Que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social establecidas nas disposicións vixentes, comprometéndose a xustificar esta circunstancia mediante a aportación dos documentos e certificados acreditativos cando se requirido ao efecto.



**Cuarto:** Que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario de subvención establecidas no artigo 13 da Lei 23/2003.

**Quinto:** Que acompaña á presente ficha de inscrición os seguintes elementos e documentación:

- a) Traballo embalado segundo o establecido nas Bases onde figura no seu dorso o lema.
- b) Sobre pechado, unicamente identificado co lema, que contén esta ficha e o CD ou memoria externa con todos os arquivos esixidos nas bases reguladoras do concurso.
- c) Fotocopia do DNI

E para que conste asina a presente declaración en \_\_\_\_\_,  
a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo.:

**Segundo.-** Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 2022/1/334/4810001

**Terceiro.-** Ordenar a súa inserción na Base de Datos Nacional de Subvencións.

E para que así conste, expido a presente en Tui, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Enrique Cabaleiro González e coas salvedades e advertencias establecidas no artigo 206 do ROF.

Documento asinado dixitalmente á marxe

